



## Proposta Seis. O palíndromo

O palíndromo é unha palabra ou oración que se le igual ao dereito que ao revés. Viría a ser o equivalente dun número capicúa nas letras. Esta composición supón en certa medida trascender a vontade do escritor para entregarse á busca de algo preexistente ao acto da creación, algo que permanecía oculto na lingua. É un exercicio interesante que require xogar coa linguaxe e moito traballo.



Gonzalo Navaza é o autor dun palindromario interesantísimo titulado *A torre da derrotA*. Aquí tedes dous exemplos tirados deste libro.

### E MAIO DOÍAME

O día caídO  
Libra neves e ven abril.  
A min. Á ánimA.

Só oS  
SoñoS  
Nos soños soños soN.

E maio doíamE.

E ven á nevE  
A mirada cínica da rimA.

\*\*\*

E se acaso rosa caesE,  
Aire só seríA.



Aínda que pareza moi difícil, animámoste a que o intentes. Para comezar, propoñémosche a palabra MEDO. Adiante, dalle a volta, e empeza a xogar coas súas letras. Sen medo, que ti es o demo.